

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DA ESCOLA DE HOSTALARÍA 2019-2020

Por resolución da Alcaldía núm. 1837 de data 05/07/2019, apróbanse as bases para a selección do alumnado para participar na Escola de Hostalaría 2019-2020, e que se detallan a continuación:

1.- Obxeto

A finalidade destas bases é seleccionar ó alumnado que participará na acción formativa de Cociña que se levará a cabo durante os anos 2019-2020 na Escola de Hostalaría do Concello de Carballo. Esta formación ten unha duración total de 1.150h das cales 240h son prácticas en empresas e 910h. serán teórico- prácticas que se realizarán nas instalacións do forum Carballo.

2.- Finalidade

Formar profesionalmente a 15 alumnos/as nun periodo aproximado de 9 meses no sector da hostalaría, máis concretamente en cociña e servizos de restaurante, baixo uns parámetros de calidade que se axusten ás necesidades reais do mercado de traballo favorecendo a inserción dos/as desempregados/as a un posto de traballo e/ou mellorando a cualificación das persoas traballadores en activo.

A acción formativa terá unha duración total de 1.150h. Comezará, previsiblemente, no mes de outubro de 2019 cun horario de luns a venres de 8.30h a 14.30h. Desenvolverase no forum Carballo excepto 240h. de prácticas en empresas que se realizarán nas entidades colaboradoras unha vez finalizada a formación teórico-práctica.

3.- Requisitos dos aspirantes

Os criterios para participar no proceso de selección como alumno/a desta acción formativa son:

- Posuír unha titulación mínima de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente a nivel profesional.
- Ter un mínimo de 18 anos cumpridos no momento de presentar a súa solicitude.

4.- Inscripcións

O prazo de inscrición será dende o luns 8 de xullo até o venres 2 de agosto de 2019.

De non existir un número suficiente de aspirantes na primeira convocatoria reabrirase un novo prazo de preinscrición dende o 2 até o 13 de setembro de 2019.

A folla de solicitude estará á disposición dos/as candidatos/as no 2º andar do Edificio Forum ou na páxina web municipal unha vez aberto o prazo de inscrición.

A folla de inscrición entregarase, no periodo establecido, no Rexistro Xeral do Concello de Carballo en horario de luns a venres de 9.00 a 13.30h, en calquera dos rexistros auxiliares existentes en horario de luns a venres de 11.00h a 13.30h ou ben en calquera outro establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Coa presentación da solicitude para tomar parte neste proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan as bases desta convocatoria.

Coa solicitude non se entregará ningunha documentación complementaria.

5.- Proceso de selección. Exercicios

Este proceso de selección constará de 3 exercicios eliminatorios, de modo que, non poderán pasar ao seguinte exercicio os/as aspirantes que non acaden unha calificación mínima establecida para cada un deles e que se especifica a continuación.

Os 3 exercicios son sumatorios (sempre e cando alcancen a puntuación mínima esixida para cada un deles: 5) e a súa porcentaxe sobre a nota final sería 20%, 30% e 50% respectivamente.

A listaxe de aspirantes que superan cada proba e polo tanto continúan no proceso, farase pública no

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



taboleiro sito no segundo andar do edificio forum Carballo e na páxina web municipal. A relación de candidatos/as e o seu baremo publicitarase nun prazo non superior a tres días dende a data de realización da proba. Con cada baremación tamén se publicitará a data do seguinte exercicio.

Por complexidade, infraestrutura e practicidade só accederán a proba final práctica os 30 aspirantes con maior puntuación obtida nos dous primeiros exames.

En caso de empate, e para dirimir este, atenderase en primeiro lugar á proba que ten maior valor na puntuación total e que corresponde á proba práctica (50%), e en segundo lugar, de persistir o empate, á puntuación obtida no segundo exercicio de maior relevancia pola súa puntuación e que corresponde á entrevista (2º exercicio cun 30%). Se aínda subsiste o empate, resolverase coa valoración obtida na proba teórica (20% sobre a nota final).

Se sigue existindo o empate resolverase por orde alfabética comenzando polos/as aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra "Q", atendendo á Resolución da Consellería de Facenda do 24 de xaneiro de 2019, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado nese día (DOG 05/02/2019), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia do 24/01/2019.

Na listaxe final publicitarase os/as 15 aspirantes que formarán parte da escola de hostalaría e os/as suplentes que accederán as vacantes que poidan xurdir. A orde de colocación dos/as aspirantes na lista definitiva de aprobados/as establecerase de maior a menor puntuación.

5.1.- Primer exercicio: Proba escrita de contidos teóricos

A proba terá como obxeto avaliar, obxetivamente, os coñecementos, aptitudes e habilidades dos/as aspirantes neste ámbito profesional.

Consistirá en contestar nun tempo máximo de 60 minutos un cuestionario tipo test de 40 preguntas con catro respostas alternativas das que só 1 será a correcta vinculadas á temática do curso. O exercicio será calificado de 0 a 10, e será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo.

Os/as aspirantes que non alcancen esta puntuación mínima serán eliminados do proceso. Cada pregunta correcta terá un valor de 0.25.

5.2.- Segundo exercicio.- Entrevista curricular e por competencias

Nesta fase, o tribunal valorará ós/ás aspirantes en relación á súa actitude, motivación, e interese pola acción formativa, a súa traxectoria laboral no sector da hostalaría e a súa idoneidade para o posto de traballo. Terase en conta nesta fase a súa dispoñibilidade horaria e xeográfica así como a súa actitude de cara o mercado de traballo.

Os/as aspirantes deben aportar toda a documentación curricular que posúan para que o tribunal poida avaliala (cv, vida laboral, contratos de traballo, cursos,...). Os/as aspirantes que non presenten a documentación non se lle terá en conta no proceso e polo tanto non poderá ser valorada.

A entrevista será valorada cun máximo de 10 puntos. Para poder superar esta fase é necesario obter unha puntuación mínima de 5.

5.3.- Terceiro exercicio.- Proba práctica

Realizarase unha proba práctica ("bootcamp") nas instalacións da escola de hostalaría no forum Carballo. Consistirá nunha proba de cociñado na que, nun tempo máximo de 90 minutos, os/as aspirantes deberán elaborar un prato partindo dun ingrediente común entre todos eles a elixir polo tribunal seleccionador.

O tribunal valorará os pratos atendendo ó seu sabor, presentación, creatividade e limpeza en cada presentación.

A proba valorarase sobre 10 e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder acceder a unha das 15 prazas ofertadas.